Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co peche de Marrocos á exportación de sardiña e coa defensa do sector conserveiro galego relacionado con esta especie
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 50459 (12/PNC-003935)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez Millares, María Magdalena e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España relativas á axilidade da Dirección Xeral de Costas na emisión dos seus informes para a execución de obras nas infraestruturas portuarias de Galicia
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 50462 (12/PNC-003936)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 3 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración e presentación no prazo de tres meses dun estudo actualizado das necesidades de prazas residenciais de maiores en Santiago de Compostela
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50464 (12/PNC-003937)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 3 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun estudo destinado a identificar a zona de Santiago de Compostela máis indicada para a implantación dunha nova residencia de maiores
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50481 (12/PNC-003938)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, Carmela e 2 máis
Sobre as modificacións que o Goberno galego debe introducir no proxecto do decreto que regula o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro de Galicia
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 50490 (12/PNC-003939)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia ante a expansión da alga asiática nas rías galegas
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 50498 (12/PNC-003940)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co problema do absentismo laboral
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 50509 (12/PNC-003942)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma
Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia en relación coa defensa e ampliación do autogoberno de Galicia
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 50510 (12/PNC-003943)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Longueira Castro, Silvia
Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia en relación coa defensa e ampliación do autogoberno de Galicia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50511 (12/PNC-003944)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara
Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia en relación coa defensa e ampliación do autogoberno de Galicia
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 50522 (12/PNC-003941)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma
Sobre as actuacións e medidas que a Xunta de Galicia debe desenvolver para defender o sector pesqueiro galego ante o impacto que pode supor o acordo entre a Unión Europea e Mercosur
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.2. Solicitudes de comparecencia
### 1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

**Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación**

- 50301 (12/CPC-000159)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), por petición propia, para informar sobre o Plan de formación continuada 2026 para os profesionais do Servizo Galego de Saúde
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50662 (12/CPC-000160)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do presidente de Sogama, por petición propia, para informar da xestión da referida sociedade no período 2015-2025 e das actuacións previstas no marco do novo Plan estratéxico 2025-2030
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 50830 (12/CPC-000161)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, por petición propia, para dar conta das medidas postas en marcha polo Igape no primeiro trimestre de 2026 co fin de apoiar o tecido industrial e empresarial de Galicia
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 50859 (12/CPC-000162)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Cohesión e Fondos Europeos, por petición propia, para dar conta do desenvolvemento dos fondos europeos en Galicia
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2026
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

# 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

## 2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

### 2.4.3. Convocatorias

**Sesión plenaria (día 24 de febreiro de 2026, ás 10.00 horas)**

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar a súa sesión o próximo día 24 de febreiro de 2026, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 18 de febreiro de 2026, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Texto lexislativo

Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do Proxecto de lei de medida excepcional de carácter fiscal e, se é o caso, debate e votación de dito proxecto (doc. núm 50911. 12/PL-000013)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f1, do 19.02.2026

Punto 2. Comparecencia

50247 (12/CPP-000088)
Do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar sobre a situación xeral do servizo ferroviario en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f1, do 19.02.2026

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 3. Mocións

3.1 50513 (12/MOC-000104)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla
Sobre a actualización da lexislación galega en materia de inclusión social (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 955, publicada no BOPG núm. 12f1, do 17 de abril de 2024, e debatida na sesión plenaria do 10 de febreiro de 2026)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f1, do 19.02.2026

3.2 50654 (12/MOC-000105)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes
Sobre a política de normalización lingüística da Xunta de Galicia e os resultados do programa 151A, de fomento da lingua galega, desde 2009 (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 45418, publicada no BOPG núm. 319f2, do 22 de xaneiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 10 de febreiro de 2026)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f1, do 19.02.2026

3.3 50656 (12/MOC-000106)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia
Sobre a planificación dos vindeiros dez anos que leva a cabo a Xunta de Galicia en materia de coidados e servizos sociais (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 45956, publicada no BOPG 323f1, do 29 de xaneiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 10 de febreiro de 2026)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f1, do 19.02.2026

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 38343 (12/PNP-002819)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Ferro Iglesias, José Luis e oito deputados/as máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que lle transfira a totalidade dos fondos solicitados no marco do PERTE Nova Economía da Lingua
Publicación da iniciativa, BOPG nº 283f1, do 12.11.2025

4.2 43192 (12/PNP-003004)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna
Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación do alumnado con necesidades educativas especiais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 310f1, do 09.01.2026

4.3 49603 (12/PNP-003236)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e cinco deputados/as máis

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as medidas e a postura que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto da expansión da enerxía eólica mariña en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026

4.4 49610 (12/PNP-003237)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que complemente con fondos propios o programa do bono alugueiro financiado con fondos estatais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026

4.5 49676 (12/PNP-003250)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co obxectivo de deseñar e impulsar as políticas en materia de corresponsabilidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026

4.6 49710 (12/PNP-003256)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia ante a actitude do Goberno central coas políticas galegas en materia de dependencia e servizos sociais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026

Punto 5. Interpelacións

5.1 34163 (12/INT-001230)
Grupo Parlamentario Mixto
Ojea Bouzo, Armando
Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención, xestión e recuperación forestal fronte aos incendios
Publicación da iniciativa, BOPG nº 260f2, do 25.09.2025

5.2 48321 (12/INT-001593)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla
Sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego dirixidas a corrixir a desigualdade socioeconómica das mulleres en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f1, do 05.02.2026

5.3 49524 (12/INT-001641)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis
Sobre a caída da produtividade marisqueira nas rías galegas, singularmente no que atinxe aos bivalvos na ría de Muros e Noia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 50861 (12/POPX-000071)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Gómez Besteiro, José Ramón
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa garantía de respecto aos principios de autonomía local, igualdade e suficiencia financeira dos concellos galegos
*Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f1, do 19.02.2026*

6.2 50868 (12/POPX-000072)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a transparencia informativa do Goberno galego, nomeadamente respecto do proxecto de Altri
Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f1, do 19.02.2026

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 43380 (12/POP-005880)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e dous deputados/as máis
Sobre o grao de cumprimento dos compromisos e acordos adquiridos na unión dos concellos de Oza e Cesuras
Publicación da iniciativa, BOPG nº 311f1, do 12.01.2026

7.2 50869 (12/PUP-000194)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia
Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para corrixir os danos económicos, ambientais e sociais no encoro das Conchas e na comarca de Limia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2 do 19.02.2026

7.3 50886 (12/PUP-000197)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis
Sobre as accións que está a pór en marcha a Xunta de Galicia para lle reclamar ao Goberno central toda a información precisa sobre o alcance da modificación do Regulamento xeral de costas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026

7.4 48584 (12/POP-006830)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Castro Rey, Paloma e Bouza Manso, Aitor
Sobre o estado actual das instalacións do CEIP Xunqueira I, de Pontevedra, e as súas consecuencias para a calidade da educación no devandito centro
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f2, do 05.02.2026

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.5 50870 (12/PUP-000195)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coas políticas de prevención fronte á desinformación e ao espallamento dos discursos de odio por razón de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026

7.6 44869 (12/POP-006312)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a variante de Viveiro e o proxecto da vía de alta capacidade Costa Norte
Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f2, do 22.01.2026

7.7 45843 (12/POP-006505)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e dous deputados/as máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de retomar o proxecto inicial da vía de alta capacidade Costa Norte en Viveiro
Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f4, do 22.01.2026

7.8 48062 (12/POP-006753)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e Prado Cores, María Montserrat
Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para a construción e posta en marcha do novo centro de saúde do Carballiño
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f2, do 05.02.2026

7.9 44864 (12/POP-006311)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e dez deputados/as máis
Sobre os traballos de conservación que o Goberno galego leva a cabo na muralla de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f2, do 22.01.2026

7.10 44374 (12/POP-006217)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e sete deputados/as máis
Sobre as principais liñas de axudas que o Goberno galego ten actualmente en marcha para apoiar os traballadores e as traballadoras por conta propia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 315f2, do 16.01.2026

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2026
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:** https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:32:15
Nº Rexistro: 50387
Data envio: 12/02/2026 09:32:15.275

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de creación do Instituto Galego das Mulleres**.

### Exposición de motivos

O feminismo foi, é e será, historicamente motor de transformación e avance social e, xa que logo, panca de impulso na arquitectura legal, institucional e administrativa dos distintos territorios. Neste sentido, Galiza avanzou ao longo da historia na creación de ferramentas ao servizo da loita pola igualdade entre mulleres e homes e o combate de todo tipo de discriminación. A arquitectura desta resposta, para ser efectiva, debe avanzar acorde ás necesidades que xurdan da sociedade galega e as conclusións da suficiencia ou non dos mecanismos existentes.

Así as cousas, aínda que o comezo do século XXI se caracterizou por un período de avance das mobilizacións sociais e feministas e a translación do recoñecemento de dereitos aos marcos legais, o certo é que o contexto da segunda metade da segunda década está atravesado pola ofensiva do rearmamento dun machismo que cuestiona dereitos, nega a violencia machista e inocula a falacia da igualdade conseguida a través de mecanismos de diversa índole, tanto tradicionais como máis recentes e emerxentes, entre os que salienta o avance da manosfera e da desinformación. Así, á proliferación de discursos falaces sen fundamento empírico e científico súmase a proliferación da difusión, principalmente por medios dixitais, dun fenómeno que recolle distintas comunidades que defenden a presunta masculinidade tradicional a través de discursos abertamente misóxinos,

Asinado o día 12/02/2026 ás 09:31
Por Ana Pontón Mondelo

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:32:15
Nº Rexistro: 50387
Data envio: 12/02/2026 09:32:15.275

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

antifeministas e fortemente reaccionarios. Ao tempo, avanzan as posicións negacionistas da consecuencia máis evidente da fortaleza do sistema patriarcal, da violencia machista en todas as súas formas.

Este ciclo de rearme reaccionario debe ser respondido polas institucións públicas cun fortalecemento das medidas e recursos toda vez que este obxectivo forma parte do marco legal vixente. É preciso recordar que malia os avances conseguidos, datos como os relativos á temporalidade, á precariedade, á ocupación, á fenda salarial de xénero ou á ocupación de excedencias para coidados amosan como fica aínda moito por facer para que haxa unha translación efectiva da igualdade lexislada á igualdade real. Neste sentido, a propia Organización das Nacións Unidas ten estimado en 300 anos o tempo que tardariamos en acadar a igualdade entre homes e mulleres, polo que é evidente que urxe intensificar os esforzos. A elevación da esixencia, propia e allea, á hora de facer reais os dereitos lexislados e de, nun contexto de desinformación, profundar na investigación, elaboración e difusión de contidos e análises contrastables desde o estudo e a ciencia para o recoñecemento da realidade das mulleres é unha necesidade e calquera avance redundaría beneficiosamente no conxunto da sociedade.

Nas últimas décadas incorporáronse no noso contexto avances lexislativos salientables en relación aos dereitos sexuais e reprodutivos, ao combate da desigualdade laboral e económica, o consentimento, a identidade de xénero ou recoñecemento da violencia machista. Porén, malia estas incorporacións e malia os debates sociais abertos polo feminismo, o certo é que a día de hoxe a desigualdade das mulleres é un problema político, social, cultural e tamén económico persistente. Un problema público que afecta á metade do mundo e que dista de estar próximo a rematar malia o avance de discursos que sitúan a igualdade como conseguida ou os



CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:32:15
Nº Rexistro: 50387
Data envio: 12/02/2026 09:32:15.275

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pasos como excesivos.

Así as cousas, entre outros datos e conclusións, podemos citar como recentemente a nova publicación do Informe Panorama de xénero, desta volta para o ano 2025, de ONU Mulleres, avaliaba distintas cuestións respecto da desigualdade no marco do cumprimento e avaliación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) que, cómpre lembrar, apoiaron gobernos de todo o mundo. En dito informe advírtese de distintos indicadores, como os referentes á pobreza, desigualdade e apoderamento, que serán incumpridos. Asemade, sinálase que isto é evitable e que é unha consecuencia política directa derivada de neglixencia sistémica, do estancamento dos investimentos e retroceso da igualdade.

Así mesmo, o informe 2025 alerta de recortes de dereitos e económicos, por exemplo no ámbito estatístico. Trinta anos despois da Plataforma de Acción de Pequín, o informe propón unha folla de ruta e seis áreas prioritarias para acelerar o Programa de Acción Pequín+30 e fai un chamamento tamén á actuación a escala máis local e próxima. Neste sentido, Galiza ten que ser corresponsable co seu contexto e, ante a falta de datos e estudos de ámbito galego e ante a falta de eficacia das políticas públicas, fortalecer os nosos recursos e instrumentos.

En todas estas cuestións debemos remarcar, ademais, o impacto da concatenación de crises dos últimos tres lustros, que afecta con máis intensidade ás mulleres, ata o punto de que mesmo respecto da crise de prezos acuñouse o termo “she-flation” para sinalar como o incremento de prezos afectaba de forma intensa ás mulleres. Aínda que a día de hoxe, froito da desidia do goberno da Xunta e do goberno do Estado, Galiza careza de estudos específicos e dunha nova conta satélite sobre a produción do traballo doméstico e a súa equivalencia en termos PIB,



CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:32:15
Nº Rexistro: 50387
Data envio: 12/02/2026 09:32:15.275

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

distintos estudos e indicadores apuntan na dirección do mantemento da desigualdade neste ámbito.

Máis aínda, debemos ter en conta a necesidade dun enfoque de interseccionalidade e de ter presente, polo tanto, a concorrencia e cruce de distintos factores e realidades nos que interaccionan distintos elementos de desigualdade. Así, debemos ter presente a necesidade de dar maior e mellor resposta á realidade das mulleres migrantes, de distintas idades, clase, identidade de xénero, diversidade funcional, orientación sexual, etc.

A complexidade do contexto actual, xunto coa necesidade de maduración do autogoberno galego e do desenvolvemento de ferramentas que axuden a aplicar a lexislación vixente, fan necesario crear novas ferramentas para dar resposta á discriminación por razón de xénero e mellorar o coñecemento e a actuación respecto da situación das mulleres galegas. Para tal efecto, avanzar na creación dun Instituto Galego das Mulleres permitiría, respecto do organigrama existente, reforzar a nosa arquitectura institucional cunha ferramenta que teña maior autonomía e especialización, maior nivel institucional, maior capacidade de coordinación interinstitucional, orgánica e normativa, maior visibilidade política, maior estabilidade institucional e maior capacidade de avaliación, seguimento e execución ao abeiro do principio de transversalidade.

É preciso lembrar que a constitución de instrumentos semellantes é algo presente na contorna lexislativa europea e tamén habitual na tradición de lationoamérica. Así mesmo, dentro do Estado español, xa na década dos 80 do século XX creouse o entón chamado Instituto da Muller e que un dos motivos da creación foi precisamente a reflexión social e institucional de que a análise da

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:32:15
Nº Rexistro: 50387
Data envio: 12/02/2026 09:32:15.275

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

realidade evidenciaba que para o acceso á igualdade non era abondo con cambios lexislativos, pois era precisa unha intervención máis ampla e encamiñarse a organismos institucionais específicos.

Para maior abundancia, en décadas posteriores, e tamén na lexislación galega a partir do ano 2007, cobrou forza no ámbito social e político a aplicación do principio de transversalidade de xénero, hoxe avalado pola literatura científica mais aplicado aínda moi parcialmente e sen o suficiente seguimento no deseño e impulso de plans gobernamentais e das actualizacións lexislativas.

A creación dun Instituto das Mulleres permitiría, con maior autonomía e independencia, dar meirande rango institucional á transversalidade de xénero cun instrumento institucional especializado que combine o asesoramento das políticas públicas, a investigación sobre as causas e consecuencias da desigualdade de xénero, a mellora dos procedementos de obtención de información e a súa unificación para a divulgación, programas de igualdade interinstitucionais, apoio a organización de mulleres e organismos de participación e asesoramento, entre outras actuacións.

Galiza foi unha nación pioneira no que atinxe á iniciativa política e institucional en defensa da igualdade, adiantada á súa época na aplicación do Convenio de Istambul, na incorporación da transversalidade de xénero e na loita contra a discriminación en distintos ámbitos como a ciencia coa lexislación galega en materia de loita contra a violencia de xénero, coa aprobación dunha axuda periódica para as vítimas, co recoñecemento da violencia vicaria, ou coa Lei *Ángeles Alvariño* para avanzar na igualdade na ciencia, Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:32:15
Nº Rexistro: 50387
Data envio: 12/02/2026 09:32:15.275

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación. Neste contexto histórico cómpre dar un paso máis coa creación do Instituto Galego das Mulleres.

A presente lei componse de dous capítulos e dun total de nove artigos e dúas disposicións adicionais. O primeiro capítulo abrangue as disposicións xerais. No primeiro artigo créase o Instituto Galego das Mulleres e determínase a súa natureza e réxime. A continuación, nos artigos 2 e 3 fíxanse obxectivos e funcións. Pola súa banda, o capítulo segundo abarca o organigrama e funcionamento concretando a dirección, o consello da dirección e o seu regulamento e os organismos adscritos ao Instituto Galego das Mulleres. Ademais, recóllense o Plan de actuación, informe e memoria anual así como o orzamento do organismo. Finalmente, as disposicións adicionais contemplan a potestade da Comunidade para as disposicións regulamentarias pertinentes e a entrada en vigor.

## CAPÍTULO I
## Disposicións xerais

### Artigo 1. Creación, natureza e réxime xurídico do Instituto Galego das Mulleres

1. Créase o Instituto Galego das Mulleres como organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Presidencia da Xunta de Galiza.

2. O Instituto Galego das Mulleres terá personalidade xurídica propia, orzamento propio, autonomía de xestión e plena capacidade de obrar para o



CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:32:15
Nº Rexistro: 50387
Data envio: 12/02/2026 09:32:15.275

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exercicio das súas funcións conforme a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galiza.

3. O Instituto regularase polo disposto na presente lei, nas súas normas de desenvolvemento e na lexislación xeral en materia de igualdade e en materia de organismos autónomos que lle sexa aplicable.

**Artigo 2. Obxectivos e contribución á sociedade galega**

a) a consecución da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes en todos os ámbitos da vida social, económica, cultural e política de Galiza.

b) a promoción das condicións que promovan a igualdade e supriman todos os obstáculos que a impiden así como a eliminación de todas as formas de discriminación, directas ou indirectas, das mulleres en Galiza.

c) a contribución á información obxectiva e contrastable sobre aqueles ámbitos que afecten a vida e desenvolvemento das mulleres galegas.

d) o éxito na aplicación da transversalidade de xénero en todas as esferas do sistema público.

**Artigo 3. Funcións do Instituto Galego das Mulleres**

O Instituto Galego das Mulleres terá como funcións:

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:32:15
Nº Rexistro: 50387
Data envio: 12/02/2026 09:32:15.275

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) Asesorar en materia de igualdade a calquera órgano do sector público galego.

b) Elaborar as directrices destinadas a conseguir a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e impulsar a súa aplicación polos distintos poderes públicos de Galiza.

c) Dar seguimento e avaliar as políticas de igualdade e da lexislación autonómica nesta materia, así como o grao de cumprimento da normativa vixente relativa á igualdade.

d) Elaborar ou colaborar na elaboración propostas lexislativas ou de reforma da lexislación dirixidas a eliminar os obstáculos que dificulten ou impidan a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

e) Emitir estudos, informes e ditames en relación coa igualdade de mulleres e homes.

f) Combater a desinformación empregada como ferramenta contra os dereitos das mulleres e, singularmente, o avance da manosfera.

g) Asesorar e colaboración coas institucións públicas galegas en materia de igualdade entre mulleres e homes incluíndo o deseño de plans de formación e de igualdade.

h) Estudar as diferentes condicións, necesidades e intereses das mulleres e homes así como as desigualdades que derivan da vida política, económica, cultural e social de Galiza.

i) Asesorar e estabelecer medidas de apoio ás organizacións sociais e



CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:32:15
Nº Rexistro: 50387
Data envio: 12/02/2026 09:32:15.275

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empresas para o cumprimento da lexislación vixente así como o desenvolver plans, programas e actividades dirixidas á consecución da igualdade entre mulleres e homes.

j) Promover a sensibilización social a través de actividades e campañas de promoción e difusión dirixidas a promover e garantir a igualdade entre mulleres e homes.

k) Estabelecer relacións e canles de participación con asociacións, fundacións, institucións e outros entes e organismos que en razón dos seus fins contribúan a conseguir a igualdade.

l) Calquera outra que se lle encomende para dar cumprimento á presente lei.

## CAPÍTULO II
## Organigrama e funcionamento

### Artigo 4. Dirección

1. A dirección do Instituto Galego das Mulleres será elixida polo Parlamento de Galiza para un período de cinco anos.

2. A persoa elixida para a dirección do Instituto poderá ser calquera que goce da condición política galega e que teña pleno desfrute do seus dereitos civís e políticos e coñeza os idiomas oficiais de Galiza.

3. A candidatura á Dirección do Instituto das Mulleres será realizada polo

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:32:15
Nº Rexistro: 50387
Data envio: 12/02/2026 09:32:15.275

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parlamento Galego ao Pleno do Parlamento de Galiza.

4. Proposta a persoa candidata convocarase, nun prazo non inferior a 15 días, o Pleno do Parlamento para que proceda á elección. Será designada quen obteña unha votación favorable das tres quintas partes dos membros do Parlamento.

4. No suposto de que ningunha persoa candidata acadase a maioría establecida no punto anterior, procederase, no prazo máximo dun mes, á formulación de sucesivas propostas seguidas das correspondentes votacións ata a obtención da maioría reforzada recollida no punto precedente.

**Artigo 5. Consello de Dirección**

O Consello de Dirección estará presidido pola persoa que ostente a Presidencia da Xunta de Galiza e Vicepresidido pola persoa directora do Instituto.

Na súa composición como vogais estarán representadas:

- Unha persoa representante con rango, cando menos, de Dirección Xeral, por cada un dos departamentos do goberno galego con competencias en materia de educación, cultura, traballo, sanidade, política social, medio ambiente e ordenación do territorio, medio rural, mar, industria, economía.

- Unha persoa representante de cada un dos órganos adscritos ao Instituto.

- Unha persoa representante do Consello da Cultura Galega.

- Unha persoa representante do Instituto Galego de Estatística.

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:32:15
Nº Rexistro: 50387
Data envio: 12/02/2026 09:32:15.275

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Unha persoa representante do Consello Económico e Social de Galiza.

- Unha persoa representante da Valedoría do Pobo.

- Unha persoa representante do Consello Galego de Relacións Laborais.

- Unha persoa representante da subdelegación do goberno do Estado.

- Tres representantes das universidades públicas galegas.

- Seis persoas en representación das entidades locais por proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias das cales tres serán en representación dos concellos de máis de 20.000 habitantes e tres en representación dos concellos de menos de 20.000 habitantes.

**Artigo 6. Regulamento do Consello de Dirección**

O desenvolvemento da composición, funcións e réxime de funcionamento do Consello de Dirección determinarase regulamentariamente no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da presente lei.

**Artigo 7. Órganos adscritos ao Instituto Galego das Mulleres**

1. Adscríbense ao Instituto Galego das Mulleres os seguintes órganos:

a) Consello Galego das Mulleres.

b) Observatorio Galego de Violencia de Xénero.



CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:32:15
Nº Rexistro: 50387
Data envio: 12/02/2026 09:32:15.275

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Unidade Muller e Ciencia de Galiza.

d) Observatorio da Imaxe da Muller.

e) Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar.

2. Estes órganos rexeranse pola súa propia normativa reguladora que determinará a súa composición, funcións e obxectivos.

**Artigo 8. Plan de actuación, informe e memoria anual**

1. O Instituto Galego das Mulleres deberá presentar un plan de actuación anual co que dar cumprimento aos seus obxectivos e funcións. O devandito informe será remitido e presentado no Parlamento de Galiza.

2. Así mesmo, o Instituto presentará ao Parlamento un informe anual de avaliación da situación das mulleres en Galiza xunto cunha memoria de actuacións dos poderes públicos e do propio Instituto neste ámbito, nos que se recollerá, entre outras cuestións, o grao de cumprimento do Plan de actuacións.

3. Os informes anuais elaborados pola Consellaría competente no desenvolvemento e aplicación da lexislación galega en materia de violencia de xénero serán progresivamente integrados neste

**Artigo 9. Orzamento**

Para o cumprimento dos seus fins, o Instituto Galego das Mulleres contará



CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:32:15
Nº Rexistro: 50387
Data envio: 12/02/2026 09:32:15.275

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cun orzamento anual propio, dentro dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma.

**Disposición derradeira primeira**

Facúltase a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza para ditar cantas disposicións regulamentarias foren necesarias para desenvolver esta lei.

**Disposición derradeira segunda**

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:32:15
Nº Rexistro: 50387
Data envio: 12/02/2026 09:32:15.275

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI DE CREACIÓN DO INSTITUTO GALEGO DAS MULLERES**

-Constitución española 1978.

-Estatuto de Autonomía de Galiza 1981.

-Lei 16/1983, do 24 de outubro, de creación do Organismo Autónomo do Instituto da Muller.

-Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

-Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galiza.

-Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

-Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galiza.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2026

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:32:15
Nº Rexistro: 50387
Data envio: 12/02/2026 09:32:15.275

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 12/02/2026 9:31:55**

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:32:15
Nº Rexistro: 50387
Data envio: 12/02/2026 09:32:15.275

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 9:32:16**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50180
Data envio: 10/02/2026 14:04:39.221

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 10/02/2
Por María Encarnació
Díaz

Gándara

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel A. Viso Diéguez, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde** e **Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes,** polo trámite de **urxencia.**

Por Cristina Campero Dorado

Asinado o día 10/02/2026 ás
14:03
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

**<u>Xustificación da urxencia</u>**

A urxencia vén motiva polo impacto que o tren de borrascas que vimos sufrindo nas últimas semanas está a provocar no sector agrario e gandeiro galego e a necesidade de adoptar medidas para compensar estes danos.

**<u>Exposición de motivos</u>**

Os profesionais do medio rural galego, en especial do sector agrario, veñen sufrindo nas últimas semanas as graves consecuencias do tren continuado de borrascas que nestes meses iniciais de 2026 están a provocar choivas persistentes, inundacións, arrastres de terras, anegamento de parcelas, así como importantes danos en infraestruturas rurais e perdas significativas nas explotacións agrícolas e gandeiras en amplas zonas de Galicia.

Estes episodios meteorolóxicos adversos tiveron unha incidencia especialmente relevante en cultivos herbáceos e leñosos, pradarías, explotacións de gando tanto extensivo como intensivo, sistemas de rega e drenaxe, camiños rurais, maquinaria agrícola e edificacións vinculadas á actividade agraria, comprometendo a viabilidade económica de numerosas explotacións, maioritariamente de carácter familiar.

Asinado o día 10/02/2026 ás
14:02
Por Alberto Pazos Couñago

A reiteración e intensidade destes fenómenos puxo de manifesto que os instrumentos ordinarios de cobertura existentes, singularmente os seguros

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

agrarios, resultan insuficientes para compensar a totalidade dos danos sufridos, ben por limitacións nas coberturas, por situacións de infraseguramento ou por superarse os limiares máximos de indemnización previstos. Esta circunstancia sitúa a moitos agricultores e gandeiros nunha situación de vulnerabilidade económica.
Cómpre salientar, así mesmo, que os efectos deste prolongado episodio de choivas non se limitan unicamente aos cultivos xa establecidos, senón que están a perxudicar gravemente ou mesmo a impedir e atrasar as sementeiras propias desta época do ano en Galicia, afectando de maneira directa a cultivos estratéxicos como a pataca, as forraxes de primavera temperá, as leguminosas e as resiementeiras de pradeiras, ao dificultar o acceso ás parcelas, provocar o encharcamento dos solos e a perda de semente. Esta situación compromete non só a campaña actual, senón tamén a planificación das colleitas futuras, incrementando os custos de produción e poñendo en risco a viabilidade económica de numerosas explotacións agrarias e gandeiras.

O sector primario constitúe un piar fundamental da economía galega, tanto pola súa contribución ao emprego e á produción como polo seu papel esencial na cohesión territorial, na fixación de poboación no rural e na xestión sostible do territorio. Por este motivo, resulta imprescindible unha resposta áxil, suficiente e coordinada por parte das administracións públicas, en particular do Goberno de España, que permita garantir a continuidade das explotacións afectadas e evitar a súa desaparición.

Neste contexto, considérase necesario que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación adopte medidas extraordinarias que complementen os sistemas de aseguramento existentes, amplíen o ámbito de aplicación das axudas e teñan en conta a magnitude real das perdas sufridas como consecuencia deste prolongado episodio de borrascas que vén afectando a Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:



CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50180
Data envio: 10/02/2026 14:04:39.221



1.- Habilite, con carácter urxente, unha liña de axudas extraordinarias dirixida ás persoas agricultoras e gandeiras de Galicia afectadas polos danos provocados polo tren de borrascas e polas choivas persistentes das últimas semanas. Establecendo criterios de axuda proporcionais á intensidade dos danos, diferenciando rangos en función do grao de afectación de cultivos, gando, infraestruturas, maquinaria, sistemas de rega e camiños rurais.
E que complemente as indemnizacións derivadas dos seguros agrarios cando estes non cubran a totalidade dos danos sufridos, especialmente nos supostos de perdas severas, infra-aseguramento ou superación dos límites máximos de cobertura.

2.- Adopte medidas fiscais e financeiras complementarias, tales como reducións fiscais, aprazamentos ou bonificacións de cotizacións, co obxecto de aliviar a carga económica das explotacións afectadas e garantir a súa viabilidade a medio e longo prazo".

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50180
Data envio: 10/02/2026 14:04:39.221

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 10/02/2026 14:02:47**
**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/02/2026 14:03:03**
**María Encarnación Amigo Díaz na data 10/02/2026 14:03:14**
**Enrique Barreiro Sánchez na data 10/02/2026 14:03:21**
**Cristina Campero Dorado na data 10/02/2026 14:03:34**
**Juan Manuel Casares Gándara na data 10/02/2026 14:03:41**
**Nicole Grueira Fernández na data 10/02/2026 14:03:52**
**José Mato Díaz na data 10/02/2026 14:04:04**
**Ángel Rodríguez Conde na data 10/02/2026 14:04:15**
**Cecilia Vázquez Suárez na data 10/02/2026 14:04:26**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:** https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50180
Data envio: 10/02/2026 14:04:39.221

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2026 14:04:40**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:24:58
Nº Rexistro: 50657
Data envio: 13/02/2026 13:24:58.333

Por Luis Bará Torres
Asinado o día 13/02/2
13:21
Por Alexandra Fernár

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Valcárcel Armesto**, **Rosana Pérez Fernández**, **Alexandra Fernández Gómez**, **Sonia Vidal Lamas** e dos deputados **Paulo Ríos Santomé**, **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, sobre a redución da vulnerabilidade fronte ás inundacións en ríos e zonas costeiras tras a cadea de temporais deste inverno.

Por Paulo Ríos Santomé
Asinado o día 13/02/2026 ás
13:20
Por Rosana Pérez Fernández

XUSTIFICACIÓN URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que a Xunta de Galiza dea conta canto antes no Parlamento das actuacións previstas despois dos recentes temporais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As borrascas Joseph, Kristin, Leonardo, Marta e outros temporais deste inverno provocaron en Galiza milleiros de incidencias, con ríos en nivel vermello e laranxa, inundacións en vivendas, garaxes e baixos comerciais, estradas cortadas, derrubamento de pontes e danos significativos na rede de infraestruturas.

Asinado o día 13/02/2026 ás
13:20
Por Montserrat Valcárcel Armesto

No ámbito fluvial, repetíronse desbordamentos en puntos negros xa coñecidos, en ríos como o Miño, Sar, Mandeo, Umia ou Tea, onde as chairas naturais de inundación foron progresivamente ocupadas por estradas, naves, solo urbano e infraestruturas que actúan como auténticos tapóns. O derrubamento do ponte da Aceña

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:24:58
Nº Rexistro: 50657
Data envio: 13/02/2026 13:24:58.333

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en Navia de Suarna, así como os cortes recorrentes en estradas provinciais, evidencian que unha parte importante da rede viaria e das obras hidráulicas non está adaptada ao novo escenario climático.

A Xunta de Galicia vén de publicar a convocatoria do Programa de Infravivenda para o ano 2026, un programa que, segundo a súa formulación, ten como finalidade dar resposta a situacións de grave precariedade habitacional. En concreto este programa articula axudas dirixidas a prestar apoio ós concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes cunha dobre finalidade axudar, mediante a súa intermediación, ás unidades de convivencia que residan en condicións de propietarias dunha infravivenda sen dispoñer de recursos económicos que lles permita acometer obras que garantan condicións de habitabilidade e rehabilitar infravivendas do seu patrimonio municipal para destinalas a solucionar eses problemas de residencia de unidades de convivencia en situación de vulnerabilidade. Nembargantes, a análise das bases reguladoras evidencia que, na práctica, estas axudas están a excluír a unha parte moi significativa das persoas ás que deberían ir destinadas.

Asinado o día 12/02/2026 ás
12:06
Por Aitor Bouza Manso

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 12:13:01
Nº Rexistro: 50408
Data envio: 12/02/2026 12:13:01.931

PSG PSOE

Os requisitos económicos esixidos ás unidades de convivencia que poderían ser axudados pola intermediación dos concellos, están baseados nun límite de ingresos inferior ao IPREM, o que non se corresponde coa realidade social nin co custo real da vida en Galicia. Este criterio deixa fóra a persoas e familias que, malia contar con ingresos moi reducidos, non acadan os niveis de suficiencia económica necesarios para garantir condicións mínimas de habitabilidade.

Especialmente grave resulta a exclusión das persoas perceptoras de pensións non contributivas, un colectivo recoñecido como vulnerable polo propio sistema público, que queda automaticamente fóra dun programa que debería estar pensado precisamente para darlles resposta.

Cómpre ter en conta, ademais, que o colectivo de persoas potencialmente destinatarias do Programa de Infravivenda tampouco ten capacidade real de acceso ás axudas ordinarias de rehabilitación, xa que estas esixen adiantar os custos das obras, algo imposible para quen carece de recursos. Deste xeito, a Xunta está a pechar todas as vías de acceso ás axudas públicas ás persoas con menos capacidade económica.

En consecuencia, o Programa de Infravivenda , na súa liña de axudas a persoas propietarias de infravivendas, corre o risco de non cumprir o fin para o que foi creado e de converterse nun instrumento con escaso impacto real, máis orientado ao anuncio que á resolución efectiva dos problemas de habitabilidade das persoas máis vulnerables.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 12:13:01
Nº Rexistro: 50408
Data envio: 12/02/2026 12:13:01.931

PSG DE PSOE

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a avaliar o impacto real do programa e introducir as modificacións necesarias para asegurar que cumpre efectivamente o seu obxectivo social.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 12:13:01
Nº Rexistro: 50408
Data envio: 12/02/2026 12:13:01.931

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 12/02/2026 12:06:51**

**Carlos López Font na data 12/02/2026 12:06:58**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 12/02/2026 12:07:04**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 12:13:01
Nº Rexistro: 50408
Data envio: 12/02/2026 12:13:01.931

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 12:13:02**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 12:43:19
Nº Rexistro: 50439
Data envio: 12/02/2026 12:43:19.969

PSG PSOE

Asinado o día 12/02/2
12:40
Por Silvia Longueira C

# Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa das súas deputadas**, María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

Asinado o día 12/02/2026 ás
12:40
Por Elena Espinosa Mangana

No mes de maio de 2025 o Servizo de Coidados Paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense foi trasladado desde o Hospital Materno-Infantil ao primeiro andar do Hospital de Piñor, alegando problemas estruturais no edificio de orixe.

Porén, lonxe de supor unha mellora asistencial, este traslado converteuse nun exemplo máis da improvisación, da falta de planificación e da deficiente xestión sanitaria da Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

Segundo denuncia pública da Comisión de Centro de Atención Especializada do CHUO, o novo emprazamento presenta graves carencias estruturais e funcionais que afectan directamente á dignidade asistencial de doentes extremadamente fráxiles e das súas familias.

Asinado o día 12/02/2026 ás
12:39
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Entre as deficiencias sinaladas destacan:

- Falta de intimidade e escasa dispoñibilidade de habitacións individuais.
- Ausencia de espazos adecuados para familiares en estancias prolongadas.
- Restricións en servizos básicos como televisión ou cafetería.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 12:43:19
Nº Rexistro: 50439
Data envio: 12/02/2026 12:43:19.969

PSG PSOE

- Carencia de especialidades médicas de apoio (Oncoloxía, Medicina Interna).
- Limitacións no acceso a servizos fundamentais como Farmacia, Laboratorio ou Radioloxía.
- Problemas organizativos que comprometen a equidade na atención con respecto a outros centros da área sanitaria.

A Comisión de Centro denuncia, ademais, a ausencia de resposta da Xerencia ante as peticións de reunión e información, o que evidencia unha preocupante falta de diálogo cos profesionais e unha actitude de desleixo ante un servizo esencial no sistema sanitario público.

Estamos a falar dun servizo que non é accesorio nin secundario. Os coidados paliativos constitúen un dereito sanitario básico, centrado na dignidade, na humanización e no acompañamento en situacións de extrema vulnerabilidade. A súa degradación supón unha regresión inaceptable na calidade asistencial.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que a situación descrita non se pode normalizar nin xustificar en supostas provisionalidades que, na práctica, se perpetúan no tempo sen planificación nin calendario certo de solución.

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar, con carácter inmediato, en todo caso no prazo máximo de dous meses, un plan específico de mellora ou reubicación definitiva da Unidade de Coidados Paliativos que garanta estándares de calidade asistencial acordes coa súa natureza e coas recomendacións técnicas vixentes.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 12:43:19
Nº Rexistro: 50439
Data envio: 12/02/2026 12:43:19.969

PSG PSOE

2. Abrir un proceso de diálogo real cos profesionais da Unidade e coa Comisión de centro.

3. Garantir, con carácter urxente, habitacións individuais suficientes que aseguren a intimidade e dignidade das persoas atendidas.

4. Dotar o servizo dos recursos humanos e das especialidades médicas de apoio necesarias para unha atención integral.

5. Asegurar o acceso en igualdade de condicións aos servizos hospitalarios de Farmacia, Laboratorio e Radioloxía.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 12:43:19
Nº Rexistro: 50439
Data envio: 12/02/2026 12:43:19.969

PSG DE PSOE

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:** https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 12:43:19
Nº Rexistro: 50439
Data envio: 12/02/2026 12:43:19.969

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/02/2026 12:39:58**
**Elena Espinosa Mangana na data 12/02/2026 12:40:07**
**Silvia Longueira Castro na data 12/02/2026 12:40:23**
**José Ramón Gómez Besteiro na data 12/02/2026 12:40:31**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:** https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 12:43:19
Nº Rexistro: 50439
Data envio: 12/02/2026 12:43:19.969

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 12:43:21**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 13:26:56
Nº Rexistro: 50450
Data envio: 12/02/2026 13:26:56.618

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa** e **Nazareth Cendán Gayoso,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

**Exposición de motivos**

A industria conserveira galega constitúe un sector estratéxico para a economía de Galicia e do conxunto do Estado, tanto polo seu peso industrial como polo emprego que xera, especialmente en zonas costeiras.

Dentro deste sector, o abastecemento de sardiña resulta esencial para garantir a actividade produtiva e a continuidade de numerosas empresas.

Marrocos é, na actualidade, o principal provedor de sardiña estranxeira para a industria conserveira galega, representando unha porcentaxe moi significativa das importacións desta especie. Segundo os datos do propio sector, máis do 35% do pelágico importado polas conserveiras galegas procede do país magrebí.

A recente decisión do Goberno de Marrocos de bloquear a exportación de sardiña durante polo menos un ano, mediante un sistema de licenzas restritivas, supón na práctica un peche comercial que ameaza gravemente a viabilidade da industria transformadora galega, pon en risco miles de postos de traballo e altera de forma unilateral as condicións do mercado.

Esta medida resulta especialmente preocupante por producirse no marco do Acordo de Asociación entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos, que establece principios de cooperación, previsibilidade e respecto mutuo nas relacións comerciais. A prohibición adoptada por Marrocos contradi o espírito do devandito

Asinado o día 12/02/2026 ás 13:26
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

acordo e xera unha clara inseguridade xurídica para as empresas europeas afectadas.

A propia Conselleira do Mar da Xunta de Galicia xa trasladou esta preocupación ao Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, instando o Goberno de España a actuar de maneira urxente ante as autoridades marroquís e ante a Comisión Europea para reverter esta situación.

Por todo iso, resulta imprescindible unha actuación firme e coordinada do Goberno de España en defensa dos intereses do sector conserveiro galego e do cumprimento dos acordos internacionais subscritos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1.- Iniciar de maneira inmediata xestións diplomáticas co Goberno do Reino de Marrocos para solicitar a paralización da prohibición de exportación de sardiña e o restablecemento normal dos fluxos comerciais cara á Unión Europea.

2.- Esixir o respecto e cumprimento do Acordo de Asociación entre a Unión Europea e Marrocos, evitando decisións unilaterais que prexudiquen gravemente a sectores produtivos europeos e, en particular, á industria conserveira galega.

3.- Trasladar esta problemática á Comisión Europea, có fin de que adopte as medidas necesarias para defender os intereses do sector transformador e garantir o cumprimento dos acordos internacionais vixentes.

4.- Informar das xestións realizadas tanto á Xunta de Galicia como ao sector conserveiro, informando das xestións realizadas e coordinando posibles medidas de apoio en caso de persistir a situación".

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 13:26:56
Nº Rexistro: 50450
Data envio: 12/02/2026 13:26:56.618

PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 13:26:56
Nº Rexistro: 50450
Data envio: 12/02/2026 13:26:56.618

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 12/02/2026 13:26:40**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 13:26:56
Nº Rexistro: 50450
Data envio: 12/02/2026 13:26:56.618

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 13:26:57**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 13:53:53
Nº Rexistro: 50459
Data envio: 12/02/2026 13:53:53.548

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Magdalena Pérez Millares, Manuel Santos Costa, Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González** e **Nazareth Cendán Gayoso,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

**Exposición de motivos**

A Xunta de Galicia, no exercicio das súas competencias en materia de portos de titularidade autonómica, leva contemplando nos orzamentos de 2022, 2023, 2024, 2025 e mantén en 2026 actuacións de mellora e reforma das infraestruturas e accesos a portos do litoral galego, como os de Boiro (Ancados), Cabo de Cruz, Castiñeiras, Corrubedo, Porto do Son, Sada, Celeiro e Espasante.

Trátase de intervencións prioritarias para garantir a seguridade das persoas usuarias, reforzar a operatividade portuaria e asegurar o mantemento adecuado das infraestruturas portuarias.

Con todo, a día de hoxe e tras anos de espera en moitos casos, estas actuacións están bloqueadas pola falta de emisión dos informes vinculantes que corresponden á Dirección Xeral de Costas do Estado –dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica-, informes imprescindibles, cun prazo de 30 días hábiles para a súa emisión segundo a lexislación vixente, para poder iniciar a tramitación administrativa das obras ao tratarse de zonas situadas en dominio público marítimo-terrestre. Este prazo, só no caso de suspenderse (circunstancia que non se ten notificado en ningún caso) podería alongarse ata os 3 meses máximo.

Malia seren solicitados con antelación pola Administración galega e transcorrido o prazo legal, os informes seguen se recibirse na Xunta a día de hoxe. Esta demora inxustificada supón un freo directo ao investimento público, á mellora das infraestruturas e ao desenvolvemento económico e social das zonas afectadas.

Asinado o día 12/02/2026 ás 13:53
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 13:53:53
Nº Rexistro: 50459
Data envio: 12/02/2026 13:53:53.548



Unha situación que se agrava tendo en conta que, pola súa natureza, na inmensa maioría dos casos, estas obras teñen unha afectación mínima á lámina de auga sobre a que Costas do Estado ten que emitir informe vinculante, pero a relevancia para o traballo do sector pesqueiro ou marisqueiro é diaria e recorrente, aumentando as dificultades dun traballo xa complicado de por si. De feito son varios os casos onde o propio enunciado da actuación prevista na solicitude do informe dá conta xa da urxencia da necesidade (dique de abrigo de Celeiro, en Viveiro; dragaxe do porto de Espasante...).

A falta de resposta do Goberno do Estado está a atrasar e a frear actuacións prioritarias que a Consellería de Mar ten contempladas nos orzamentos para executar no ano vixente, pois supoñen actuacións moi necesarias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a dirixirse ao Goberno de España para:

1.- Emitir sen máis demoras os informes vinculantes necesarios para que a Xunta de Galicia poida executar as actuacións previstas nos peiraos galegos incluídas nos Orzamentos de 2026, evitando así bloqueos administrativos que prexudiquen o interese xeral e garantindo o respecto efectivo ás competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de portos, sen interferencias que dificulten unha xestión rigorosa, eficaz e eficiente dos recursos públicos destinados á mellora das infraestruturas portuarias.

2.- Adoptar medidas organizativas que aseguren que, no futuro, os informes preceptivos da Dirección Xeral de Costas se emitan no prazo legal de 30 días hábiles, evitando atrasos que comprometan a execución de investimentos públicos xa aprobados".

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 13:53:53
Nº Rexistro: 50459
Data envio: 12/02/2026 13:53:53.548

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 12/02/2026 13:53:39**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 13:53:53
Nº Rexistro: 50459
Data envio: 12/02/2026 13:53:53.548

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 13:53:54**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50462
Data envio: 12/02/2026 16:07:28.439

PSG PSOE

Asinado o día 12/02/2
14:27
Por Silvia Longueira C

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey, Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Por José Ramón Gómez Besteiro

Asinado o día 12/02/2026 ás
14:27
Por Patricia Iglesias Rey

# Exposición de motivos

O envellecemento demográfico é unha das principais realidades estruturais que afronta Galicia. Santiago de Compostela, como capital de Galicia e como cidade de referencia sanitaria, universitaria e administrativa, non é allea a esta tendencia, rexistrando un incremento progresivo da poboación maior de 65.

A planificación dos recursos sociosanitarios debe responder ás necesidades reais da cidadanía e anticiparse ás previsións demográficas, garantindo unha rede pública suficiente de prazas residenciais que asegure atención digna, próxima e de calidade ás persoas maiores e ás súas familias.

Porén, as listas de agarda para o acceso a prazas en residencias públicas continúan sendo elevadas, e a presión sobre os servizos sociais municipais medra ante a falta de alternativas suficientes. Resulta imprescindible coñecer cal é a planificación da Xunta de Galicia en relación coa creación de novas infraestruturas residenciais na cidade de Santiago de Compostela, así como se se ten realizado unha análise específica das necesidades por barrios ou zonas concretas da cidade.

Asinado o día 12/02/2026 ás
14:26
Por Aitor Bouza Manso

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50462
Data envio: 12/02/2026 16:07:28.439

PSG DE PSOE

A atención ás persoas maiores non pode depender exclusivamente da iniciativa privada nin da capacidade económica das familias. É responsabilidade do Goberno galego garantir unha oferta pública suficiente e distribuída de maneira equilibrada no territorio.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e presentar perante este Parlamento no prazo máximo de 3 meses un estudo actualizado das necesidades de prazas residenciais para persoas maiores en Santiago de Compostela, atendendo á evolución demográfica e ás listas de agarda existentes.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50462
Data envio: 12/02/2026 16:07:28.439

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 12/02/2026 14:26:55**
**Patricia Iglesias Rey na data 12/02/2026 14:27:03**
**Silvia Longueira Castro na data 12/02/2026 14:27:09**
**Elena Espinosa Mangana na data 12/02/2026 14:27:15**
**José Ramón Gómez Besteiro na data 12/02/2026 14:27:21**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:** https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50462
Data envio: 12/02/2026 16:07:28.439

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 16:07:29**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50464
Data envio: 12/02/2026 16:08:14.089

PSG PSOE

Asinado o día 12/02/2
14:27
Por Silvia Longueira C

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey, Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Por José Ramón Gómez Besteiro

Asinado o día 12/02/2026 ás
14:27
Por Patricia Iglesias Rey

# Exposición de motivos

O envellecemento demográfico é unha das principais realidades estruturais que afronta Galicia. Santiago de Compostela, como capital de Galicia e como cidade de referencia sanitaria, universitaria e administrativa, non é allea a esta tendencia, rexistrando un incremento progresivo da poboación maior de 65.

A planificación dos recursos sociosanitarios debe responder ás necesidades reais da cidadanía e anticiparse ás previsións demográficas, garantindo unha rede pública suficiente de prazas residenciais que asegure atención digna, próxima e de calidade ás persoas maiores e ás súas familias.

Porén, as listas de agarda para o acceso a prazas en residencias públicas continúan sendo elevadas, e a presión sobre os servizos sociais municipais medra ante a falta de alternativas suficientes. Resulta imprescindible coñecer cal é a planificación da Xunta de Galicia en relación coa creación de novas infraestruturas residenciais na cidade de Santiago de Compostela, así como se se ten realizado unha análise específica das necesidades por barrios ou zonas concretas da cidade.

Asinado o día 12/02/2026 ás
14:27
Por Aitor Bouza Manso

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50464
Data envio: 12/02/2026 16:08:14.089

PSG DE PSOE

A atención ás persoas maiores non pode depender exclusivamente da iniciativa privada nin da capacidade económica das familias. É responsabilidade do Goberno galego garantir unha oferta pública suficiente e distribuída de maneira equilibrada no territorio.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a analizar de maneira específica a necesidade de implantación dunha nova residencia en barrios ou zonas concretas da cidade, en función da distribución da poboación maior e dos criterios de accesibilidade e proximidade.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50464
Data envio: 12/02/2026 16:08:14.089

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 12/02/2026 14:27:30**
**Patricia Iglesias Rey na data 12/02/2026 14:27:36**
**Silvia Longueira Castro na data 12/02/2026 14:27:42**
**Elena Espinosa Mangana na data 12/02/2026 14:27:48**
**José Ramón Gómez Besteiro na data 12/02/2026 14:27:55**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:** https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50464
Data envio: 12/02/2026 16:08:14.089

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 16:08:15**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50481
Data envio: 12/02/2026 16:17:11.507

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 12/02/2
16:15
Por Noa Presas Berg

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmela González Iglesias, Rosana Pérez Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, sobre o proxecto de Decreto polo que se aproba o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro.

Asinado o día 12/02/2026 ás
16:14
Por Rosana Pérez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 1 de setembro de 2025 o Consello de goberno da Xunta de Galiza aprobou iniciar a tramitación dos estatutos das mulleres do rural e do sector marítimo-pesqueiro que iniciou o procedemento de consulta pública 3 días máis tarde.

Cómpre sinalar que este procedemento debería estar xa rematado, tendo en consideración que a Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galiza na súa disposición adicional quinta di: "...a Administración xeral da Comunidade Autónoma procederá a aprobar, no prazo máximo dun ano, contado a partir da entrada en vigor desta lei, e en diálogo coas entidades representativas das mulleres no rural e no sector marítimo-pesqueiro, os seguintes instrumentos: a) O Estatuto das mulleres do rural. b) O Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro".

Asinado o día 12/02/2026 ás
16:14
Por Carmela González Iglesias

Tendo en conta que a lei entrou en vigor o 31 de decembro de 2023 ambos os dous estatutos deberían estar aprobados antes do 31 de decembro de 2024, polo que o goberno galego está a incumprir a legalidade iniciando os trámites para a súa elaboración 9 meses máis tarde da data máxima na que deberían estar aprobados.



CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50481
Data envio: 12/02/2026 16:17:11.507

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Superado o prazo para a súa aprobación, o proxecto do decreto que regula o Estatuto das Mulleres do sector marítimo-pesqueiro de Galiza resulta moi decepcionante.

Estamos ante unha normativa con unha nula perspectiva de xénero, que non recolle medidas concretas para loitar contra a discriminación e desigualdades, que veta a participación das asociación de mulleres nos organismos de dirección e nos órganos de dirección, que coloca a responsabilidade dos coidados e da conciliación sobre as mulleres, ...., en definitiva non avanza en absoluto no camiño da igualdade das mulleres e homes do mar.

Esta normativa é unha ferramenta fundamental para garantir un futuro laboral e social digno e en condicións de igualdade ás mulleres do mar. Mulleres que traballan e viven na costa galega e sofren discriminacións e desigualdades polo simple feito de o seren. Escasa ou nula representación nos órganos de representación, dirección ou decisión; peores condicións laborais e salariais; políticas dirixidas ao sector sen perspectiva de xénero; infravalorización das enfermidades profesionais; falta de medidas de conciliación; son algunhas das cuestións que seguen sen abordarse no sector marítimo-pesqueiro, mentres que noutros ámbitos da sociedade levan anos regulados e, aínda que máis amodo do que é preciso, as mulleres van acadando os seus dereitos.

A negativa do goberno galego a recoñecer a existencia de desigualdades e discriminacións no sector marítimo-pesqueiro galego impiden avanzan no obxectivo de acadar a igualdade dos homes e mulleres que desenvolven a súa actividade laboral e viven na costa galega.

A igualdade acádase poñendo o foco en cuestións diversas tales como que as mulleres ocupen o espazo que lles corresponde nos espazos públicos para darlle visibilidade a todas as persoas que conforman un colectivo, incluídas as mulleres.



CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50481
Data envio: 12/02/2026 16:17:11.507

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O artigo da citada Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galiza, recolle o compromiso da Comunidade Autónoma de Galiza coa eliminación da discriminación das mulleres e coa promoción da igualdade entre mulleres e homes, e o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar e o estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro son as ferramentas necesarias para que o goberno galego cumpra con ese compromiso, e o proxecto de Decreto polo que se aproba o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro que está a tramitar o Goberno galego non só non elimina as discriminación, senón que afonda nas desigualdades.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Retirar, ou cando menos modificar practicamente na súa totalidade, o proxecto de Decreto polo que se aproba o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro que está actualmente en tramitación

2. Garantir que o decreto recolla medidas concretas para loitar contra a discriminación e desigualdades, tales como:

- fomento do asociacionismo de mulleres do mar

- para os coidados e a conciliación da vida familiar, persoal e laboral que corresponsabilicen a ambos proxenitores

- que consideren mulleres do mar a todas aquelas que traballan e viven neste ámbito



CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50481
Data envio: 12/02/2026 16:17:11.507

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- de promoción da representación equilibrada entre mulleres e homes nos órganos de direccións das asociacións, confrarías, entidades, organizacións empresariais ou de calquera outra índole que teñan vinculación co mar; para isto condicionará a concesión de axudas ou subvencións ao cumprimento desta condición.

- de representación paritaria entre homes e mulleres tanto no organigrama da propia Consellería do Mar, como nos órganos de dirección dos organismos, empresas ou entes públicos dependentes ou vinculados a ela.

3. Abrir un procedemento aberto de diálogo e debate para a creación do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galiza e para a redacción do Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro no que se convoque a participar a todas as asociacións, confrarías, organizacións empresarias e sindicais e entidades do sector de calquera outra índole, especialmente ás asociacións de mulleres do mar, así como as asociacións e entidades sociais de mulleres que desenvolvan a súa actividade nas vilas e concellos da costa galega.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50481
Data envio: 12/02/2026 16:17:11.507

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmela González Iglesias na data 12/02/2026 16:14:36**
**Rosana Pérez Fernández na data 12/02/2026 16:14:52**
**Noa Presas Bergantiños na data 12/02/2026 16:15:00**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:** https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50481
Data envio: 12/02/2026 16:17:11.507

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 16:17:12**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:50:13
Nº Rexistro: 50490
Data envio: 12/02/2026 16:50:13.109

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 12/02/2
16:47
Por Daniel Castro Ga

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García, Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a adoptar diante da expansión da alga asiática nas rías galegas.

Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 12/02/2026 ás
16:47
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación xeral de perda de produtividade das rías galegas, derivada da concorrencia de distintos factores que foron medrando cos anos sen que a Consellaría de Mar fose quen de establecer ningunha medida estrutural para tratar de eliminar ou sequera frear moitos dos problemas que lles atinxen.

Sen dúbida, un deses factores ten a ver coa existencia cada vez maior de distintas especies invasoras ás que, en xeral, a Consellaría non prestou tampouco moita atención.

Sen ir máis lonxe, hai un ano que este Grupo Parlamentar presentaba a debate na Comisión de Pesca unha iniciativa ao respecto. Dende logo, non foi esa a primeira vez que trasladabamos a preocupación do sector sobre o tema, a afectación que determinadas especies xa estaban a ter sobre as actividades pesqueira e marisqueira e a solicitude de medidas por parte do Goberno galego para facerlle fronte canto antes. Aquel debate non foi o primeiro, e tampouco o foi o voto en contra do Grupo Parlamentario Popular ás nosas propostas que sistematicamente se vén desbotando e, o

Asinado o día 12/02/2026 ás
16:46
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:50:13
Nº Rexistro: 50490
Data envio: 12/02/2026 16:50:13.109

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que é peor, sen dar alternativas para tentar paliar graves problemas que afectan ao sector do mar e tamén á calidade das nosas augas.

Tanto é así que nestes días volveron transcender queixas do sector respecto da propagación da chamada alga asiática cara o interior da ría de Arousa. Nomeadamente, as confrarías de Cambados e do Grove veñen de facer público que esa especie invasora xa foi detectada neste mes de decembro último ao norte da illa de Rúa e tamén no canal de entrada á ría de Arousa.

A alga asiática xa fora detectada en augas galegas, nomeadamente nas rías da Coruña e Vigo no ano 2024, e na boca da ría de Arousa tamén no mesmo ano. A Xunta de Galiza, na vez de asumir as súas propias competencias e deseñar un plan para facerlle fronte desviou as responsabilidades cara a outras administracións, en concreto cara oa concellos, advertíndolles que terían que ser eles os que deben xestionar a chegada da biomasa de algas ás praias.

Esta evasión de responsabilidades non é nova por parte da administración galega, quen debía adaptar as súas actuacións á estratexia marco establecida polo Goberno do Estado no ano 2022 e sobre todo debía estar en alerta dende o primeiro momento e poñer os recursos necesarios para tratar de que a extensión da especie non se producira ou tivese as mínimas consecuencias posíbeis.

Tamén a finais de 2024 a  Consellaría anunciara un proxecto de investigación sobre a alga asiática, para tratar de avaliar a distribución da especie nas nosas augas e para concienciar ao sector pesqueiro sobre o problema. Deste proxecto, como de tantos outros, máis alá do anuncio tampouco volvemos ter noticia, nin das actuacións concretas que se desenvolveron a raíz del.



CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:50:13
Nº Rexistro: 50490
Data envio: 12/02/2026 16:50:13.109

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

. Remitir aos Grupos Parlamentarios os informes, de existiren , sobre a detección, distribución, incidencia, risco de expansión e consecuencias que está a ter, ou pode chegar a ter a alga asiática sobre a biodiversidade do medio mariño nas costas galegas e sobre o sector do mar. De non existiren, poñer en marcha a súa elaboración de xeito inmediato.

. Activar as medidas de alerta necesarias que poidan contribuír a evitar a súa propagación cara o interior das rías.

. Establecer directrices claras a respecto da xestión e control desa especie invasora.

. Levar a cabo todas as actuacións, tamén as que en materia orzamentaria sexan precisas, para investigar, detectar, vixiar, mitigar a expansión e protexer a biodiversidade mariña e os intereses económicos do sector pesqueiro e do conxunto do país."

. Colaborar cos concellos costeiros cos recursos económicos e humanos necesarios para paliar os custos que lle supón a xestión de retirada das algas das praias."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:50:13
Nº Rexistro: 50490
Data envio: 12/02/2026 16:50:13.109

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 12/02/2026 16:46:59**
**Carmela González Iglesias na data 12/02/2026 16:47:05**
**Daniel Castro García na data 12/02/2026 16:47:13**
**Óscar Insua Lema na data 12/02/2026 16:47:19**
**Paulo Ríos Santomé na data 12/02/2026 16:47:31**

CSV: BOPGDSPG-nPEUAihak-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:50:13
Nº Rexistro: 50490
Data envio: 12/02/2026 16:50:13.109

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 16:50:13**

**CSV:** BOPGDSPG-nPEUAihak-1
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 17:23:43
Nº Rexistro: 50498
Data envio: 12/02/2026 17:23:43.510

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares e Raúl Santamaría González,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** sobre medidas contra o absentismo laboral

**Exposición de Motivos**

O absentismo laboral converteuse nun dos principais problemas do mercado de traballo en España, cun impacto crecente sobre a produtividade, a competitividade das empresas, a Seguridade Social e o funcionamento dos servizos sanitarios.

Segundo datos da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF), as situacións de incapacidade temporal (IT) incrementáronse arredor dun 60 % entre os anos 2017 e 2024. Ao tempo, a súa duración media aumentou un 15 % nese mesmo período, situándose ao redor dos 46 días nestes momentos. Máis baixas e de maior duración que evidencian un problema estrutural de xestión, que a propia AIReF cualifica como especialmente preocupante, alertando do risco de prolongacións innecesarias e dun uso ineficiente dos recursos públicos.

Ademais, tamén a AIReF analiza que este incremento sostido das incapacidades temporais ten un reflexo directo no gasto público. A incapacidade temporal é xa o segundo maior gasto da Seguridade Social, só por detrás das pensións. Trátase dunha evolución claramente desproporcionada que non pode atribuírse unicamente a factores demográficos ou sanitarios, senón que pon de manifesto deficiencias profundas no deseño e funcionamento do actual modelo de xestión da incapacidade temporal.

Nas empresas, isto tradúcese en desaxustes permanentes. Reorganizacións improvisadas, aumento de cargas, presión nos equipos e unha produtividade que sufre moito máis do que trascende ao debate público.

E a pesar dos esforzos que se están a realizar desde o goberno galego por modificar o marco normativo que regula a incapacidade temporal é de competencia estatal, o que limita de maneira notable a capacidade de actuación autonómica para corrixir disfuncións, axilizar procesos ou evitar a cronificación innecesaria das baixas.

Asinado o día 12/02/2026 ás 17:23
Por Alberto Pazos Couñago

